



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 1 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015

Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA OBRA "REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO" CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS 2015)

CLAUS. 1ª- ELEMENTOS DO CONTRATO: OBXECTO, CODIFICACIÓN, REGULACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

CLAUS. 2ª- ORZAMENTO, VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

CLAUS. 3ª- REVISIÓN DE PREZOS.

CLAUS. 4ª- PRAZO DE EXECUCIÓN.

CLAUS. 5ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE, RESOLUCIÓN DÚBIDAS DOS PCAP E PPT E PERFIL DO CONTRATANTE

CLAUS. 6ª- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

CLAUS. 7ª- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

CLAUS. 8ª- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.

CLAUS. 9ª- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

CLAUS. 10ª- PROPOSICIÓNS:

10.1. Lugar, prazo de presentación e perfil do contratante.

10.2. Documentación.

10.2.1.- Declaración responsable e Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación .

10.2.2.- Sobre único: Subtitulado "Oferta económica".

10.2.3.- Documentos orixinais e lingua.

CLAUS. 11ª- GARANTÍAS

CLAUS. 12ª- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

12.1.- Normas Xerais

12.2. -Apertura e valoración das ofertas.

12.3.- Presentación de documentación e adxudicación do contrato

CLAUS. 13ª- MESA DE CONTRATACIÓN.

CLAUS. 14ª- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (PREZO). OFERTAS DESPROPORCIONADAS OU TEMERARIAS: VALORACIÓN E PROCEDIMENTO

CLAUS. 15ª- GARANTÍA DEFINITIVA

CLAUS. 16ª- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLAUS. 17ª- EXECUCIÓN DO CONTRATO

17.1. Acta de comprobación do replanteo.

17.2. Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.

17.3. Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e relación de subcontratistas e subministradores.

17.4. Carteis e sinais. Publicidade nas obras financiadas pola Deputación provincial de Pontevedra.

17.5. Fotografías do cartel da obra e o seu contorno.

17.6. Ocupación dos terreos.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____

Nuria Lobato Del Río

- 17.7. Desenvolvemento dos traballos.
- 17.8. Dirección e inspección das obras..Facultades da Deputación provincial de Pontevedra
- 17.9. Lexislación laboral e de Seguridade Social e prevención de riscos laborais.
- 17.10. Responsabilidade. Danos.
- 17.11. Gastos de Transporte e almacenaxe
- 17.12. Custodia e conservación dos materiais e instalacións
- 17.13. Gastos de tributos.
- 17.14. Control de calidade
- 17.15. Dereitos do adxudicatario
- 17.16. Aboamento da obra executada
 - a) Medicións.-
 - b) Relacións valoradas.-
 - c) Certificacións.-
 - d) Pagamentos. Códigos DIR3
 - e) Aboamentos a conta por materiais acopiados
 - f) Aboamentos a conta por instalacións e equipos.
 - g) Garantías por aboamentos a conta por materiais acopiados e por instalacións e equipos.
- 17.17. Cesión de dereitos de cobro
- 17.18. Prórrogas
- 17.19. Prazo de execución do contrato e penalidades
- 17.20. Modificación de obras. Autorización da Deputación provincial de Pontevedra
- 17.21. Cesión do contrato e subcontratación
- 17.22. Recepción das obras e certificación final. Modelo normalizado da acta de recepción
- 17.23. Prazo de garantía e liquidación e devolución da garantía definitiva

CLÁUS. 18º- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

CLAUS. 19º- DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA

CLAUS. 20º- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

CLAUS. 21º- RÉXIME XURÍDICO

ANEXO I. CADRO RESUMO DE CARACTERÍSTICAS

ANEXO II.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE

ANEXO III. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO IV MODELO SOLICITUDE BASTANTEO PODERES



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA OBRA “REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO” CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS 2015)

CLÁUSULA. 1ª -ELEMENTOS DO CONTRATO: OBXECTO, CODIFICACIÓN, REGULACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O presente contrato ten por obxecto a execución da obra de “REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO” con cargo ao Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 15) da Deputación provincial de Pontevedra que resulta da subvención concedida ao concello de Bueu para o investimento de referencia por acordo núm. 3.23455 de 29.5.2015 da Xunta de goberno local da Deputación provincial de Pontevedra (RE núm. 4391 de 04.06.2015).

O prazo de xustificación do investimento perante a Deputación provincial de Pontevedra remata o 31.12.2016 según consta na base 16ª das bases reguladoras do PPOS 2015 (BOP núm. 1 de 2.1.2015) e no acordo núm. 3.23455 de 29.5.2015 da Xunta de goberno local da Deputación provincial de Pontevedra (RE núm. 4391 de 04.06.2015).

As características das obras, así como as condicións nas que deben realizarse, descríbense polo miúdo no proxecto da obra “ REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO”, de marzo de 2015 suscrito polo arquitecto técnico municipal, en cumprimento do disposto na base 7ª.1 e 13ª do PPOS 2015. Dito proxecto, aprobado por resolución de alcaldía núm. 278/15 de 09.04.2015 está integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), incluído, entre outros, o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do decreto 1.627/97.

A clasificación do proxecto de execución da obra conforme ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: 45111100-9, 45111213-4, 45111214-1, 45261420-4, 45261900-3, 45262520-2, 45420000-7, 45421100-5, 45310000-3, 45330000-9 e 79996100-3

O código do proxecto consonte a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009) que entrou en vigor o 1.1.2009, según o disposto no Real decreto 475/2007, de 13.4.2007, é a F.43.11, 43-12, 432, 433 e 439.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto (PPT), considéranse que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

Asemade deberán atermos ao condicionado contido na base 14ª e 15ª do PPOS relativo ás obrigas de publicidade do financiamento por parte da Deputación provincial no panel correspondente da obra no senso sinalado na cláusula 17.4 dos presentes pregos.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o PPT prevalecerá o primeiro.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos á regulación harmonizada os contratos



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 do TRLCSP. Neste senso, o presente contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada.

O órgano de contratación é a Xunta de goberno local do Concello de Bueu, por delegación de alcaldía efectuada mediante resolución de alcaldía núm. 583/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26.06.15)

CLÁUSULA. 2ª- ORZAMENTO DO CONTRATO, VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

Sínálase como valor estimado do contrato o importe do proxecto que ascende á cantidade de 50413,22 € (cincuenta mil catrocentos trece euros con vintedous céntimos de euro), IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 10586,78 € (diez mil quinientos oitenta e seis euros con setenta e oito euros), nos termos sinalados no art. 87 do TRLCSP, o que supón un total de 61000 €, IVE incluído.

A aplicación presupuestaria das obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato é a 2015.342.61900.01 do orzamento vixente e existe crédito suficiente.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o Impuesto sobre o Valor Engadido nos termos sinalados no artigo 87 do TRLCSP. Os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras serán os que figuran no proxecto aprobado pola administración municipal, afectados polo coeficiente de adxudicación resultante da oferta económica realizada polo licitador. A tódolos efectos, entenderase que o presuposto aprobado polo concello, comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, taxas e calesquera outras que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, e toda clase de impostos e licenzas tanto municipais, provinciais e estatais así como o importe dos anuncios relativos á contratación.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

O investimento conta coa financiación da Deputación provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 15) do seguinte xeito según resulta do acordo núm. 3.23455 de 29.5.2015 da Xunta de goberno local da Deputación provincial de Pontevedra (RE núm. 4391 de 04.06.2015) cun prazo de xustificación do investimento perante a Deputación provincial de Pontevedra que remata o vindeiro 31.12.2016:

Identificación investimento	do	Orzamento aceptado	Importe axuda	da	% de financiamento
"REPARACIÓN E MELLORAS NO PAVILLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO" PPOS/15/00930/201500287		61000 €	61000 €		100,00%

CLÁUSULA. 3ª- REVISIÓN DE PREZOS.

Atendendo á natureza da obra, NON PROCEDERÁ EN NINGÚN CASO A REVISIÓN DE PREZOS DO PRESENTE CONTRATO e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

CLÁUSULA. 4ª- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato será de DOUS (2) MESES contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, agás que exista reserva fundada que impida o seu



**CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 5 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

comezo, e con suxección ao disposto no artigo 230 do TRLCSP.

O prazo contarase sempre en días naturais. O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos, debidamente xustificadas no expediente administrativo, esixidos pola lexislación vixente. Os prazos parciais serán os que, se é o caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

CLÁUSULA 5ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE, RESOLUCIÓN DÚBIDAS DOS PCAP E PPT E E PERFIL DO CONTRATANTE.-

O expediente contractual é público e, xa que logo, os PCAP, PPT e os documentos técnicos e administrativos que del forman parte, regulan o mesmo, poderán ser examinados do xeito indicado na presente cláusula.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o Proxecto (incluíndo o PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación e formalización do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

O acceso público ao Perfil do Contratante efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).

Para a obtención de información que poidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión de aqueles documentos que non se atopen publicados no perfil de contratante municipal.
- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou convinte, para a formulación das ofertas.

A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescricións técnicas e, no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convenientes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule

CLÁUSULA. 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR. Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte nos termos establecidos no art. 74 a 76 do TRLCSP.

Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 6 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos artigos 55, 58 e 59 do TRLCSP, respectivamente.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por sí ou mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas licitadoras.

CLÁUSULA. 7ª- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente (Grupo C, subgrupo 4/7/9, categoría C). Non obstante o establecido no parágrafo anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten diante do órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica no aptdo. F) da documentación que figura no reverso do modelo de declaración responsable que figura como anexo II dos presentes pregos.

Neste senso, O PRESENTE CONTRATO NON ESIXE CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA a tenor do disposto no artigo 65 do TRLCSP, non obstante o anterior, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante su clasificación como contratista de obras en el grupo o subgrupo de clasificación correspondiente al contrato (Grupo C, subgrupo 4/7/9, categoría C) ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos nos PCAP en base ao disposto no TRLCSP mediante a presentación dos documentos que se indica no aptdo. F) da documentación que figura no reverso do modelo de declaración responsable que figura como anexo II dos presentes pregos.

CLÁUSULA. 8ª- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS. A Administración municipal poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP. Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Asemade deberán presentar cada unha delas a documentación esixida no reverso do modelo de declaración responsable que acredite a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración municipal.

CLÁUSULA. 9ª- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación nos termos sinalados nos arts. 138,2, 150 e 161.1 do TRLCSP e tramitación ordinaria.

CLÁUSULA. 10ª- PROPOSICIÓNS:

10.1. Lugar, prazo de presentación e perfil do contratante . As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de **VINTE SEIS (26) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no B.O.P., sen perxuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante** nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados,



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A presentación de proposicións poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado no lugar e prazo sinalado anteriormente.
Tamén poderá realizarse mediante envío por correo.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A proposición quedará conformada pola documentación contida na cláusula 10.2.1 e por UN ÚNICO (1) SOBRE PECHADO identificado con título "*Oferta económica*", relacionado na cláusula 10.2.2. No sobre figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DA OBRA "REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO", e incluírá a documentación que se indica no apartado seguinte

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvedade ou reserva algunha.

10.2. Documentación.

10.2.1.-Declaración responsable e Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Estes documentos presentaranse de forma independente e fóra do sobre no que se presentará a oferta económica e que conformara a proposición.

A) Declaración responsable.

A aportación da documentación esixible ao abeiro do disposto no apartado 1 do art. 146 do TRLCSP, na modificación operada pola lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e su internalización, relativa á acreditación da personalidade e representación do licitador, e da clasificación e/ou solvencia económico-financieira e técnica substituírase por unha declaración responsable según o modelo que figura como anexo II, sen perxuízo de que sexa esixible posteriormente a documentación acreditativa da capacidade e solvencia e que a mesa se refira a data anterior á de finalización do prazo para presentar proposicións.

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/Dª _____, no seu propio nome (ou na representación da empresa _____), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación da obra "REPARACIÓN E MELLORAS NO PABELLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO"



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

, se realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ E/OU ao correo electrónico _____

En _____, a _____ de _____ de 2015

Selo e sinatura do licitador,

10.2.2- Sobre único: Subtitulado "Oferta económica".

ESTE SOBRE PRESENTARASE DE FORMA INDEPENDIENTE DA DOCUMENTACIÓN SINALADA NA CLAUSULA 10.2.1.

Conterá a proposición económica que será formulada estritamente, consonte ó modelo que figura no anexo III deste prego, debidamente asinada e datada.

A proposición económica se presentará debidamente cumprimentada e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros o tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que deba ser repercutido.

Tódolos importes da proposición económica deberán consignarse en letra e número. No caso de que existan discrepancias entre o importe consignado en letra e o importe consignado en número, prevalecerá o importe posto en letra.

No caso de que as discrepancias foran entre o importe consignado como prezo total e a suma das cantidades consignadas como importe base e IVE ou o cálculo deste, prevalecerá o importe consignado como importe base, determinándose en función deste, o IVE correspondinte e o prezo total.

A introdución da oferta económica ou de calquera outro documento que permita deducir ou coñecer o seu importe coa documentación relacionada na cláusula 10.2.1. dentro do sobre no que se inclúe a oferta económica dará lugar á automática exclusión do procedemento de adxudicación do licitador incurso en dita circunstancia.

10.2.3.- Documentos orixinais e lingua: Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galega e haberán de ser orixinais.

Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

CLÁUSULA. 11º- GARANTÍA PROVISIONAL. De acordo co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA. 12º- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

12.1.- Normas Xerais:

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do contrato, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc.) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP.

A este efectos, tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

12.2. Apertura e valoración das ofertas.

A mesa de contratación constituiráse ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación de proposicións (agás sábados), podendo atrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non figuren a totalidade das presentadas no Servizo de Contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo.

Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederase á apertura pública do sobre que contén a oferta económica que se valorará mediante a aplicación da fórmula prevista no presente prego, nese mesmo intre ou con posterioridade. A devandita apertura realizarase en acto público, previa convocatoria da mesa de contratación.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas e clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Caso de empate, resolverase a licitación a favor da empresa que acredite ter a maior porcentaxe de persoal laboral fixo con discapacidade no seu cadro de persoal, sempre e canto a devandita porcentaxe sexa superior ao 2%. Caso de non darse ditas circunstancias, adxudicarase ao que presentase a mellor oferta económica; de persistir o empate, resolverase por sorteo entre os licitadores empatados.

A mesa de contratación realizará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación no prazo máximo de dous meses dende a apertura das ofertas agás que se dea a circunstancia prevista no artigo 152.3 do TRLCSP, caso no que poderá ampliarse en 15 días hábiles.

12.3 Presentación de documentación e adxudicación do contrato

Efectuada a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, o órgano de contratación requirirá do licitador cunha proposición sexa a economicamente máis ventaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social** ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo.

Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001):

- **Obrigas tributarias:**

1.- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar asemade resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen perxuício da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RD



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 10 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

1098/2001.

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Bueu. Neste senso, a administración municipal, DE OFICIO, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

- Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Solcial, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

- b) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. No suposto de constitución da garantía definitiva mediante retención no prezo deberá aportar declaración xurada asinada polo representante da empresa da súa vontade de acollerse á modalidade de constitución da garantía definitiva en metálico mediante retención do prezo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP
- c) A documentación xustificativa de ter aboadado tódolos anuncios de licitación. (obriga de abono ata un máximo de 1000 euros)
- d) Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se houbera comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato consonte dispón o artigo 64.2 do TRLCSP
- e) A documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo II ao presente prego en base aos requisitos mínimos de solvencia regulados na cláusula IX dos presentes pregos e no cadro resume do contrato do anexo I destes pregos.

Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvaguarda da competencia. De non conter ningunha especificación entenderáse que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

De acordo co previsto no art. 22 do Rd 1098/2001, poderá solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou mesmo lle pedir a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase á empresa concedéndolle un prazo de tres días hábiles para emenda. No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adxudicación concretaranse os termos definitivos do contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego. A adxudicación será motivada, notificárase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, consonte ao artigo 40, o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 11 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____

Nuria Lobato Del Río

- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicárase o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practícarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións.

CLÁUSULA 13ª. MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. alcalde
 - O Sr. concelleiro delegado da área de facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior ao que corresponde o ámbito funcional da contratación pública.
 - O Interventor do Concello.
 - A Secretaria do Concello.
 - O Arquitecto técnico municipal
- Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.
O secretario terá voz pero non voto.

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente e Secretario, e da metade dos seus membros, entre os que deberán estar, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

De conformidade co sinalado no art. 24.1 da Lei 30/1992, os membros do órgano sinalado con dereito a voto non poderán absterse nas súas votacións.

A composición nominal dos membros da mesa de contratación deberá publicarse no perfil do contratante, cunha antelación mínima de 07 días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral a que fai referencia o art.º 146.1 do TRLCSP.

CLÁUSULA 14ª- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (PREZO). OFERTAS DESPROPORCIONADAS OU TEMERARIAS: VALORACIÓN E PROCEDIMENTO

O único criterio a considerar será o do prezo, nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis ventaxosa é a que incorpore o prezo máis baixo no seu conxunto, salvo que se considere que a proposición inclúise valores anormais ou desproporcionados, para cuxa determinación a Mesa poderá solicitar os informes técnicos que considere oportunos.

De conformidade co previsto no artigo 85 del RGLCAP, consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un so licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 12 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Nembargante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ó cálculo dunha nova media so coas ofertas que no se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

A valoración das proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo ós efectos do disposto no artigo 152 del TRLCSP, levaráse a cabo de conformidade co establecido no artigo 86 del RGLCAP.

Cando se presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados, estarase ao que dispón o artigo 152 del TRLCSP en relación con el artigo 22.1.f) del Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que concerne á tramitación das proposicións, requiríndose para a declaración en tal sentido a previa audiencia ó licitador que a haxa presentado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente, propoñendo a Mesa ao órgano de contratación a súa aceptación ou rexeitamento.

No suposto de que existan dous ou máis ofertas iguais que resulten ser as máis ventaxosas a proposta de adjudicación decidírase entre estas mediante sorteo que efectuará a Mesa de Contratación en sesión pública.

CLAUSULA 15ª.- Garantía definitiva.-

O licitador que haxa presentado a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva na Tesourería do concello, no prazo de dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requerimento do órgano de contratación por importe do 5 por 100 do importe de adjudicación, IVE excluído, de conformidade co establecido nos artigos 95 y seguintes do TRLCSP.

A citada garantía poderá constituírse mediante retención do prezo, no senso sinalado na cláusula 12.3.d) dos presentes pregos, ou en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP. Cando a garantía se constituía mediante retención do prezo, levaráse a cabo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, o valor da obra contratada experimente variación, reaxustarase a garantía constituída na contía necesaria para que se manteña a debida proporcionalidade co novo prezo modificado.

CLAUSULA. 16ª - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato que resulte deberá ser formalizado, non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel na que se reciba a notificación da adjudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público.

Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adjudicación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puideran ocasionar.

NON PODERÁ INICIARSE A EXECUCIÓN DO CONTRATO SEN A SÚA PREVIA FORMALIZACIÓN.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 13 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

CLAUSULA. 17ª - EXECUCIÓN DO CONTRATO .

17.1. Acta de comprobación do replanteo.

Dentro dos quince días seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración municipal sinala ao efecto, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ao acto de comprobación do replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237.a) do TRLCSP.

17.2. Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta reflectada no apartado anterior. O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cuxa presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela a autorización para iniciais, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribirla, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

17.3. Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo e o plan de seguridade e saúde no traballo, redactado polo técnico coa titulación esixida legalmente, suscrito pola empresa adjudicataria, e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 17.21 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde corresponderalle ao órgano de contratación previo informe do coordinador de Seguridade e Saúde e do Arquitecto municipal ou de quen legalmente lle substitúa.

17.4. Carteis e sinais. Publicidade nas obras financiadas pola Deputación provincial de Pontevedra

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar, a súa costa, un cartel de obra coas características e formato que sinala ao efecto a administración municipal. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Neste senso, e reiterando o disposto na cláusula 1ª deste prego, o contratista deberá aterse ao condicionado contido na base 14ª e 15ª do PPOS relativa ás obrigas de información e publicidade, mediante a colocación dun panel de obra indicando que se trata dunha obra subvencionada pola Deputación que non poderá ser retirado ata, cando menos, teña lugar a visita de control de fin de obra.

No "anexo de publicidade" do PPOS e na páxina web www.depo.es atópase o exemplo de tratamento que se lle debe dar á imaxe institucional da Deputación e para dúbidas e/ou aclaracións ao respecto poderase contactar co servizo de comunicación institucional do organismo provincial a través do correo electrónico comunicacion@depo.es ou do teléfono 986804100

A retirada do cartel será a costa do contratista.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos das obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, en coordinación coa Policía local de Bueu, e adoptar todas as



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

precaucións precisas dende o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

17.5. Fotografías do cartel da obra e o seu contorno .

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as correspondentes fotografías por triplicado do cartel da obra e o seu contorno e deberá levar ao dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración reportaxe fotográfico ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras. A citada documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal.

17.6. Ocupación dos terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección de obra.

17.7. Desenvolvemento dos traballos.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coa instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, desde que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP. Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo Técnico-Director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o Técnico-Director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbera, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou teñéñse fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

17.8. Dirección e inspección das obras. Facultades da Deputación provincial de Pontevedra

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao seu técnico director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes.

Non obstante o anterior, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos municipais do departamento de Urbanismo.

Asemade, en todo caso, o organismo provincial, en virtude das facultades que lle ten atribuídas e de acordo coa base 16ª do PPOS, resérvarase as facultades de inspección e comprobación das obras.

17.9. Lexislación laboral e de Seguridade Social e prevención de riscos laborais.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social. O



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____

Nuria Lobato Del Río

contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais, polo que verá obrigado a dispoñer as medidas esixidas por tales disposicións, sendo ó seu cargo o gasto que lle orixine. O persoal adscrito polo contratista á prestación obxecto do contrato, no terá ningunha relación laboral coa Administración municipal, baixo ningún concepto, dependendo exclusivamente do contratista, o cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo.

En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel, ou entre os seus subcontratistas e os traballadores de un e outro, sen que poida repercutir contra a Administración municipal ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os organismos competentes. En calquera caso, o contratista, indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigacións aquí consignadas, aínda que iso lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

17.10. Responsabilidade. Danos

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra. Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

17.11. Gastos de Transporte e almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

17.12. Custodia e conservación dos materiais e instalacións

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva

17.13. Gastos de tributos

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento do imposto correspondente.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

17.14. Control de calidade

A dirección, de acordo co previsto no prego de prescricións técnicas, ordenará que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____
Nuria Lobato Del Río

estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

17.15. Dereitos do adxudicatario

a) Dereito ao aboamento da obra que realmente execute de acordo coas cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. O dito aboamento deberá efectuarse dentro dos prazos máximos previstos no TRLCSP e na lei 3/2004, de 29 de decembro.

b) Se a administración demorase o pagamento do prezo, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na lei 3/2004, de 29 de decembro e art. 216 do TRLCSP.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixir o xuro demora a partir da expedición da certificación emendada. De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no rexistro xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no rexistro xeral.

c).- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

d) - Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.

e)- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas no presente prego.

17.16. Aboamento da obra executada

a) Medicións.- O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior. O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións. Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, a fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista. A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

b) Relacións valoradas.- O técnico director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

c)- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e as tramitará o técnico director nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos e poderán ser elaboradas de acordo cos modelos de certificación ordinaria de obras de plans provinciais de cooperación aprobados por resolución presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 03 de xullo de 2007 (publicados no B.O.P. nº 154 de 09/08/2007).

Xunto coas certificacións deberá adxuntar documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de publicidade do financiamento da Deputación provincial relacionados na cláusula 17.4 dos presentes pregos en relación coa base 14ª e 15ª do PPOS, reiterando, neste senso, o disposto na cláusula 17.5 dos PCAP.

d) Pagamentos. Códigos DIR3 - Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 17 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Asemade, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación. Neste senso, a/s factura/s que sexan expedidas polo contratista deberán axustarse ao disposto na base 22 dos vixentes orzamentos municipais quedando obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.

Os códigos DIR3 do concello de Bueu, indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas deste concello, establecidos por resolución de alcaldía núm. 939/14 de 9.12.2014 (BOP núm. 6 de 12.1.2015), son:

Órgano xestor (OX): Xunta de goberno Local	Cód. DIR 3 OX:L01360046
Unidade tramitadora (UT): Secretaria	Cód. DIR 3 UT:L01360046
Oficina contable (OC): Intervención	Cód. DIR 3 OC:L01360046

Terán o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

e) Aboamentos a conta por materiais acopiados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- o Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- o Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- o Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- o Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- o Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 17.16. g) deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acopiados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adjudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, se é o caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais. Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do abono non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarase pola dirección da obra, non podendo sobrepasar o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

f) Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata o remate da obra e no de equipos o 20 por 100 das



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____

Nuria Lobato Del Río

unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

- O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto na cláusula 17.16. g) deste prego.

2. No que se refire aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto na cláusula 17.16. e).

g) Garantías por aboamentos a conta por materiais acopiados e por instalacións e equipos.

Para realizar o dito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 .2 do TRLCSP.

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

17.17. Cesión de dereitos de cobro

Os contratistas que, conforme a cláusula anterior, teñan dereito de cobramento fronte á administración, poderán ceder este segundo dereito. Para que a cesión do dereito de cobramento teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a esta do acordo de cesión. Para tal efecto, considerárase que a notificación se produciu cando se consigne mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións. Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandato de pagamento deberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista producirán efectos liberatorios.

17.18. Prórrogas

Se a demora na execución das obras fose producida por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se lle dá unha prórroga de tempo que se lle sinalará, o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

17.19. Prazo de execución do contrato e penalidades

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. Sen prexuízo das posibilidades de resolución polo incumprimento das obrigas que se refiren nestes pregos, a súa demora facultará o Concello para a imposición de penalidades nos termos sinalados nestes pregos e no art. 212 do TRLCSP. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato. No caso de que o adxudicatario ofertase redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución) Penalidades

Ata un 5% 0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10% 0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15% 0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20% 0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25% 0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30% 0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35% 0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40% 0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45% 0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50% 0,95 por cada 1.000 euros



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello _____

Nuria Lobato Del Río

Ata un 55% ou máis 1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total. Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

As penalidades faranse efectivas mediante a súa dedución das facturas, respondendo a garantía definitiva, en todo caso, da súa efectividade

17.20. Modificación de obras. Autorización da Deputación provincial de Pontevedra

En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, se é o caso, como consecuencia dela.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de contratación e á deputación provincial de Pontevedra, logo da redacción do proxecto, audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, en cumprimento do disposto na base 14ª do PPOS, sendo admitidas a trámite unicamente aquelas modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP). As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite previsto neste iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recolleitas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda do TRLCSP. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das dispostas no art. 234 do TRLCSP recolleranse tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, de acordo co establecido no art. 234 do TRLCSP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha, sen prexuízo do que se establece no art. 234 do TRLCSP.

Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación destas serán fixados pola administración á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles.

Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.

Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído).

Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

17.21. Cesión do contrato e subcontratación

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización expresa do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do TRLCSP. O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
(Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
Página 20 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
Bueu, _____
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen a previa comunicación ao órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP e de acordo co disposto no presente prego.

En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da Subcontratación do Sector da Construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da Subcontratación no Sector da Construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e de acordo coas condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

17.22. Recepción das obras e certificación final. Modelo normalizado da acta de recepción

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles. A recepción das obras realizarase como moito dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP. O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación. Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles. A acta de recepción da obra deberá achegarse no modelo normalizado que se atopa na páxina web www.depo.es e que deberá axustarse ao disposto nos arts. 52 e 235 do TRLCSP.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato. Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboados ao contratista a conta da liquidación do contrato.

O contratista deberá aportar, xunto co acta de recepción, plano sobre proxecto que grafie a posición exacta das tapas de rexistro, especialmente as que queden ocultas, sen perxuízo da súa obriga de sinalar cunha marca no firme a posición central das mesmas.

17.23. Prazo de garantía e liquidación e devolución da garantía definitiva

O prazo de garantía terá unha duración de seis (06) meses contados dende a recepción das obras en el caso de que a empresa adxudicataria sexa unha PYME, según a definición recollida no Regulamento (CE) n.º 800/2008, da Comisión.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan. Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, a custa do contratista. Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no art. 216.4. do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
 CONTRATACION@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
 CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Deputación
Pontevedra

rf.: C51/15
 (Rel. Subv. 22/15 P.POS 2015)
 Página 21 de 34

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión _____ de data _____ 2015
 Bueu, _____
 A secretaria do concello

 Nuria Lobato Del Río

dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

CLÁUSULA. 18º - RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

CLÁUSULA. 19º - DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA

Notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a presentar, no prazo de tres días naturais, en duplicado exemplar e conforme o modelo que se insire a continuación:

SOLICITUDE DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCEIRO E PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA**PERSOA XURÍDICA****DATOS DO/A INTERESADO/A****(A rellenar polo/a interesado/a)**

RAZÓN SOCIAL:	
CIF:	VÍA PÚBLICA, Nº, PISO, PORTA:
LOCALIDADE:	
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA
TELÉFONO:	FAX:
APELIDOS E NOME DO/A REPRESENTANTE	
NIF:	TELÉFONO:
